



NOTA INFORMATIVA DO IESCHA

## CONCERTO

# HOMENAXE A MANUEL MARÍA

## GRUPO SOL DO FARO BRASS DE CHANTADA

**NA ENTRADA DA CASA DA CULTURA DE VILALBA  
AO CARÓN DA ESCULTURA DE MANUEL MARÍA  
Sábado 25 DE SETEMBRO DE 2021 – 20:00 horas**



O Instituto de Estudos Chairegos (IESCHA), en colaboración co Concello de Vilalba, organiza un concerto homenaxe a Manuel María a cargo do grupo musical SOL DO FARO BRASS de Chantada, todo elo dentro do programa MUSIQUEANDO convocado e financiado pola Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística da Vicepresidencia - Deputación de Lugo.

O acto terá lugar o sábado **25 de setembro de 2021, ás 20:00** horas, na entrada da CASA DA CULTURA DE VILALBA, ao carón da escultura de MANUEL MARÍA.

No caso de mal tempo, o concerto levaríase a cabo no *Auditorio Municipal*.

Teranse en conta, así mesmo, as medidas sanitarias establecidas nese momento pola COVID-19.

### SOL DO FARO BRASS

A agrupación "Sol Do Faro Brass", pertencente á Asociación Cultural Ateneo Musical de Chantada, nace no seo da Asociación Ateneo Musical de Chantada no verán de 2020 para impulsar a música de rúa no medio rural: as alboradas, os pasarrúas e todos esos actos musico-festivos que a pandemia deixou atrás. Está conformada por 7 veteranos músicos da bisbarra de Chantada e arredores e teñen un repertorio variado e animado adaptado ó publico de cada actuación."

